



Concello de Lugo

ACTAS E GOBERNO
MGF/cvr
Refº: 17x520100765
Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 7-12-2017

MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, CONCELEIRO SECRETARIO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO,

CERTIFICO:

Que a Xunta de Goberno Local, na sesión ORDINARIA celebrada o día sete de decembro de dous mil dezasete, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

10/765 PRÓRROGA DOS CONTRATOS DE SEGUROS DE RESPONSABILIDADE CIVIL PATRIMONIAL (LOTE 1), DANOS MATERIAIS (LOTE 2) E DE VEHÍCULOS E MAQUINARIA DO CONCELLO DE LUGO (LOTE 3). 2017/2018.- Examinado o expediente tramitado para os efectos e visto o informe proposta do Xefe de Servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento, do 26 de outubro de 2017 que, na súa parte expositiva, fai constar:

“ANTECEDENTES

1º.- Acordo da Xunta de Goberno Local núm. 5/155 na sesión celebrada o día 12 de marzo de 2014, polo que se aproba entre outros a CONTRATACIÓN DA COBERTURA DE SEGUROS DE RESPONSABILIDADE CIVIL PATRIMONIAL, DANOS MATERIAIS E DE VEHÍCULOS E MAQUINARIA DO CONCELLO DE LUGO 2014, os pregos de cláusulas administrativas particulares e o de condicións técnicas que rexeron a súa licitación, e a forma de adxudicación polo procedemento aberto.

2º.- Tramitación regulamentaria do expediente.

3º.- Decreto núm. 14008304 de data 11.09.14 polo que se adxudica o contrato do **LOTE 1 SEGURO DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL** á mercantil **ZURICH INSURANCE PLC SUCURSAL EN ESPAÑA** (NIF: W-0072130-H), por un prezo de cento corenta e dous mil douscentos euros (**142.200. €**) de prima anual impostos, recargas e gravámenes incluídos e as seguintes melloras:

- AUMENTO DE LÍMITES DE INDEMNIZACIÓN:

Aumento o límite por sinistro a 9.000.000.- Euros (prego 3.000.000.- €).

Aumento o límite por vítima para la R.C. Patronal a 1.250.000.- Euros (prego 200.000.- €).

Aumento o límite por anualidade de seguro a 18.000.000.- Euros (prego 6.000.000.- €).

-REBAIXA DA FRANQUICIA:

A franquicia queda establecida en cero Euros (prego 350.- Euros).

E demais condicións indicadas na súa oferta.

4º.- Decreto núm. 14009269 de data 13.10.14 polo que se adxudica o contrato do **LOTE 2 SEGURO DE DANOS MATERIAIS DO CONCELLO DE LUGO** á mercantil **HELVETIA COMPAÑIA SUIZA, SOCIEDAD ANÓNIMA DE SEGUROS Y REASEGUROS** (NIF:A-41003864), por un prezo trinta e nove mil catorce euros con trinta e seis céntimos (**39.014,36 €**) de prima anual impostos, recargas e gravámenes incluídos e as seguintes (con cargo á aplicación orzamentaria 93301.22400 (RC 1733/2014), recargas e gravames incluídos que corresponde a



CSV: FstNoyY0Ye6wH/VVAL/a6g==

SINATURAS

MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ - CONCELEIRO
SECRETARIO - XUNTA DE GOBERNO LOCAL
MÉNDEZ LÓPEZ LARA - ALCALDESA - CONCELLO DE LUGO

PAXINA: 1 / 7

DATAS(UTC)

14/12/2017.11:03:51

14/12/2017 11:03:52

ACTAS E GOBERNO

MGF/cvr

Refª: 17x520100765

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 7-12-2017

unha taxa única sobre a suma asegurada de continente e contido de 0,036%, e as seguintes:

* MELLORAS:

REBAIXA DA PRIMA.

A rebaixa da prima é de un 29,065%.

AMPLIACIÓN DE COBERTURAS

- Cobertura TODO RISCO (Danos Materiais).

Dentro dos límites e condicións establecidas na póliza o Asegurador indemnizará todo dano material e perdas materiais, sufridos polos bens asegurados que se produzan durante a vixencia da póliza e que non estean expresamente excluídos.

- Cobertura Mobiliario Urbano: 100%.

Por esta garantía se garantirán o 100% do valor do distinto mobiliario urbano que sexa propiedade do Concello de Lugo para tódolos danos que poida sufrir nun sinistro de incendio, explosión e caída de raio.

-REBAIXA DA FRANQUICIA MÁXIMA

Non será de aplicación franquicia algunha para todas e cada unha das garantías.

5º.- Decreto num. 14008305 de data 11.09.14 polo que se adxudica o contrato do **LOTE 3 SEGURO DOS VEHÍCULOS E MAQUINARIA DO CONCELLO DE LUGO** á mercantil **HELVETIA COMPAÑÍA SUIZA, SOCIEDAD ANÓNIMA DE SEGUROS Y REASEGUROS** (NIF:A-41003864), por un prezo trinta e seis mil setecentos euros (**36.700 €**) de prima anual impostos, recargas e gravames incluídos, con cargo á aplicación orzamentaria 920005.22400 (RC 1735/2014) e as seguintes melloras:

- REBAIXA DA PRIMA.

A rebaixa da prima é dun 20,22%.

- AUMENTO DE CAPITALS NA COBERTURA DE ACCIDENTES CORPORAIS DO CONDUCTOR.

Na garantía quedan ampliados os capitais de Accidentes Corporais do conductor ata a suma asegurada de:

Falecemento 70.000,00 €.

Invalidez 70.000,00 €.

6º. Pólizas dos seguros de DANOS MATERIAIS e de VEHÍCULOS E MAQUINARIA DO CONCELLO DE LUGO remitidos en data 5 de novembro de 2014 con efectos a partir do **31.10.2014** e **01.10.2014** respectivamente e de RESPONSABILIDADE CIVIL con efectos do **01.10.2014**.

8º.- Acordo XGL núm 10/163 de data do 29/03/2017 polo que se acorda entre outros:

"PRIMEIRO.- Aprobar a prórroga dos contratos correspondentes ó LOTE 1 (SEGURO DE RESPONSABILIDADE CIVIL PATRIMONIAL DO CONCELLO DE LUGO) coa mercantil ZURICH INSURANCE PLC SUCURSAL EN ESPAÑA (NIF: W-0072130-H), ó LOTE 2 (SEGURO DE DANOS MATERIAIS DO CONCELLO DE LUGO) e ó LOTE 3 (SEGURO DE VEHÍCULOS E MAQUINARIA DO CONCELLO DE LUGO) coa mercantil HELVETIA COMPAÑÍA SUIZA, SOCIEDAD ANÓNIMA DE SEGUROS Y REASEGUROS (NIF:A-41003864) por un período de un ano dende o 01.10.2016 ata o 30.09.2017 os LOTE 1 e LOTE 3, e dende o 31.10.2016



ata o 30.10.2017 o LOTE 2 de conformidade coas condicións nas que foron adxudicados e conforme ás seguintes primas

LOTE 1: 142.200 euros.

LOTE 2: 39.014,36 euros.

LOTE 3: 36.100 euros.”

8º.- Escrito presentado por don Santiago Álvarez Álvarez en data 25/06/17 en nome e representación de **Helvetia Seguros Sociedade Anónima de Seguros y Reaseguros** solicitando a prorroga das pólizas do seguro de danos materiais e do seguro de vehículos e maquinaria. Xuntan a este escrito certificacións positivas da AEAT e da Seguridade Social.

9º.- Escrito presentado por dona María Aranzazu Puis Fernández en data 26/06/17 en nome e representación de **Zurich insurance PLC Sucursal en España** solicitado a renovación da póliza do SEGURO DE RESPONSABILIDADE CIVIL para o período que vai do 01.10.17 ata o 30.09.18. Xuntan a este escrito certificacións positivas da AEAT e da Seguridade Social.

10º.- Certificado da Tesourería Municipal de data 03/07/2017 de non existencia de débedas tributarias por parte de Zurich insurance PLC Sucursal en España nin por parte de Helvetia Seguros Sociedade Anónima de Seguros y Reaseguros.

11º.- Informes favorables ás prorrogas solicitadas emitido polo responsable dos contratos o Titular da Asesoría Xurídica en data 30.09.2017

12º.- Escrito remitido en data 18 de outubro de 2017 por ARTAI – Correduría de Seguros S.A. sobre o prezo dos contratos para a anualidade 2017/2018 que ascende a:

- Póliza de Responsabilidade Civil: 142.200 euros.
- Póliza de Danos: 41.450,59 euros.
- Póliza de vehículos: 33.050 euros (regularización por baixas de vehículos).

En relación coa póliza de danos informan do aumento da prima debido á inclusión dun novo risco (edificio Vello Cárcere) solicitado polo Concello.

En relación coa póliza de vehículos o importe redúcese polas baixas dos vehículos comunicadas polo Parque Móbil.


13º.- Certificacións de existencia de crédito na aplicación 93301.22400 por importe de 41.450,59 euros para atender o gasto do seguro de DANOS MATERIAIS (RC 22490 e RC 102055).

14º.- Certificación de existencia de crédito na aplicación 92090.16205 por importe de 142.200 euros para atender o gasto do seguro de SEGURO DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL (RC 102054).

15º.- Certificación de existencia de crédito na aplicación 92002.22400 por importe de 33.050,00 euros para atender o gasto do seguro de SEGURO DOS VEHÍCULOS E MAQUINARIA DO CONCELLO DE LUGO (RC 102926).

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).



ACTAS E GOBERNO

MGF/cvr

Refª: 17x520100765

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 7-12-2017

- Lei 30/2007 de 30 de outubro de Contratos do Sector Público (LCSP)
- Real Decreto 817/2009 de 8 de maio polo que se desenvolve a Lei 30/2007.
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RXLCAP).
- Calquera outras disposicións legais vixentes que lles sexan de aplicación ás corporacións locais.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

PRIMEIRA. A cláusula terceira do prego de cláusulas administrativas que rexe nos contratos de referencia establece que o prazo de execución dos contratos será de dous anos a partir da formalización do contrato e que o dito prazo será prorrogable por períodos máximos de un ano previo acordo do órgano de contratación ata un máximo de catro anos incluídas as prórrogas.

Os contratos correspondentes ós tres lotes foron formalizados mediante a sinatura das pólizas de seguros con efectos dende o 01.10.2014 (o de RESPONSABILIDADE CIVIL e o de VEHÍCULOS E MAQUINARIA) e con efectos a partir do 31.10.2014 o seguro de DANOS MATERIAIS. Así pois a duración inicial dos contratos rematou o pasado 01.10.16 e 31.10.16 respectivamente se ben foi prorrogados os contratos por acordo da Xunta de Goberno núm 10/163 de data do 29 de marzo de 2017 ata o 30.09.2017 e 31.10.2017.

Cómpre salientar que este expediente de prórroga iníciase con anterioridade ao vencemento da duración inicial xa que se solicita polas empresas contratistas antes da finalización do prazo de duración e mesmo se iniciou a tramitación do expediente de prórroga coa solicitude de informe de débedas tributarias municipais así como informe ao responsable dos contratos. Esta situación implica que a decisión sobre a prórroga dos contratos, de adoptarse esta polo órgano municipal competente, se fará unha vez vencido o dito contrato.

Non obstante, compre realizar unha reflexión de en qué medida este defecto formal consistente – para o caso de adoptarse a prórroga fóra do prazo - nunha actuación fóra do prazo pode implicar un vicio que invalidaría o acto administrativo. O artigo 63.3 da LRPAC establece “A realización de actuacións administrativas fóra do tempo establecido para elas só implicará a anulabilidade do acto cando así o impoña a natureza do término ou prazo”.

Sendo evidente o interese municipal e particular en continuar a prestación deste servizo manifestada tanto nas solicitudes dos contratistas como no informe emitidos con anterioridade ao vencemento do contrato, parece excesivamente rigorista - a xuízo dos que subscriben- concluir que esta prórroga puidera ser irregular, sen prexuízo doutro mellor criterio contrario.

Así o entendeu a Xunta Consultiva da Comunidade Autónoma de Aragón en informe 11/2011 que, entre outras cuestións, di:

“VI. Consecuencias jurídicas de adjudicar el contrato, una vez transcurrido el plazo de los cinco días a que se refiere el artículo 135.3 LCSP.

*La regla general es que, la infracción por la Administración de los plazos establecidos en las normas, no constituye más que una **irregularidad no invalidante**. En este sentido, el artículo 63.3 LRJPAC establece que: «La realización de actuaciones administrativas, fuera del tiempo establecido para ellas,*



sólo implicará la anulabilidad del acto, cuando así lo imponga la naturaleza del término o plazo». La misma regla, se aplica a las actuaciones judiciales realizadas fuera de tiempo, que sólo podrán anularse si lo impusiera la naturaleza del término o plazo —artículo 242 de la Ley Orgánica 6/1985, de 1 de julio, del Poder Judicial, y artículo 229 de la Ley 1/2000, de 7 de enero, de Enjuiciamiento Civil—.

La potestad de adjudicación del contrato no se halla sometida a ningún tipo de plazo preclusivo, o régimen de caducidad, por ello, el transcurso del plazo de su ejercicio no implica la invalidez de su actuación.

El plazo que fija el artículo 135.3 LCSP, no es un plazo esencial, pues **concorre un interés público más intenso —la satisfacción del concreto interés público al que se dirige la prestación que constituye el objeto del contrato—, que justifica que el tiempo —el plazo de cinco días hábiles—, no comporte relevancia alguna en el ejercicio de la potestad administrativa, pues, en otro caso, podrían quedar afectados los intereses generales a los que sirve la potestad de contratación.** Sin perjuicio del derecho de los licitadores a retirar su proposición si no se produce la adjudicación, en la forma prevista en el artículo 145.4 LCSP.”

SEGUNDA.- Os importes dos contratos para o período da prórroga 2017-2018 calcúlanse e revísanse de conformidade coa **cláusula cuarta** do prego de cláusulas administrativas que establecen:

“A prima ofertada para o Lote 1 – Seguro de responsabilidade civil patrimonial manterase invariable durante toda a duración do contrato mesmo durante as prórrogas.

A prima ofertada para o Lote 2 - Seguro de danos materiais do Concello de Lugo regularizase en función da suma asegurada en cada momento.

As taxas ofertadas manteranse invariables durante toda a vixencia do contrato e sobre ela non se aplicará o IPC.

Tampoco procederá a revisión do importe da prima no caso do Lote 3 tendo en conta as peculiaridades deste contrato.”

Por outra banda a **cláusula décimo novena** establece que “*Ás adquisicións e baixas de vehículos aplicarásese as tarifas ofertadas pola adxudicataria na súa oferta procedéndose á regularización da prima*”.

En data 18 de outubro de 2017 dende ARTAI CORREDURÍA DE SEGUROS S.A. – contratista do servizo de mediación de seguros do Concello de Lugo - remítese correo electrónico informando dos importes das pólizas dos seguros para a anualidade 2017-2018 e indicando a regularización do seguro de vehículos polas baixas acontecidas para o LOTE 3 e informando da inclusión do edificio Vello Cárcere dentro do LOTE 2 e que supón un incremento da prima.

TERCEIRA.- En canto ó órgano municipal competente para aprobar o expediente de referencia, de acordo co disposto na disposición adicional segunda da Lei de contratos do sector público, á Xunta de Goberno Local correspóndelle as contratacións e concesións, incluídas as de carácter plurianual.

Por todo o anteriormente exposto e no uso das atribucións conferidas á Xunta de Goberno Local na disposición adicional segunda da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público, e a normativa específica de aplicación.”

ACTAS E GOBERNO

MGF/cvr

Refª: 17x520100765

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 7-12-2017

A Xunta de Goberno Local, no uso das súas atribucións, con base na proposta do referido servizo conformada pola Ilma. Sra. Tenenta de Alcalde Delegada da área respectiva, e por unanimidade dos seguintes asistentes: Excm.a Sra. D.ª ANA PRIETO NIETO Alcaldesa Presidenta en funcións Concello de Lugo e Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Goberno de Economía, Emprego e Desenvolvemento Económico (Grupo Municipal Socialista -GMS-); Ilmo. Sr. D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, Tenente de Alcalde Delegado da Área de Goberno de Medio Rural e Deportes (GMS); Ilma. Sra. D.ª ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Goberno de Benestar Social, Igualdade e Inclusión (GMS); Ilmo. Sr. D. XOSÉ DANIEL PIÑEIRO VILLARES, Tenente de Alcalde Delegado da Área de Goberno de Desenvolvemento Sostible e Persoal (GMS), **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Aprobar a prórroga dos contratos correspondentes ó LOTE 1 (SEGURO DE RESPONSABILIDADE CIVIL PATRIMONIAL DO CONCELLO DE LUGO) coa mercantil ZURICH INSURANCE PLC SUCURSAL EN ESPAÑA (NIF: W-0072130-H), ó LOTE 2 (SEGURO DE DANOS MATERIAIS DO CONCELLO DE LUGO) e ó LOTE 3 (SEGURO DE VEHÍCULOS E MAQUINARIA DO CONCELLO DE LUGO) coa mercantil HELVETIA COMPAÑIA SUIZA, SOCIEDAD ANÓNIMA DE SEGUROS Y REASEGUROS (NIF:A-41003864) por un período de un ano dende o 01.10.2017 ata o 30.09.2018 os LOTE 1 e LOTE 3, e dende o 31.10.2017 ata o 30.10.2018 o LOTE 2 de conformidade coas condicións nas que foron adxudicados e conforme ás seguintes primas:

- Póliza de Responsabilidade Civil: 142.200 euros.
- Póliza de Danos: 41.450,59 euros.
- Póliza de vehículos: 33.050 euros (regularización por baixas de vehículos)

SEGUNDO.- Aprobar o gasto de 41.450,59 euros para atender o gasto do seguro de DANOS MATERIAIS con cargo á aplicación 93301.22400 (RC 22490 e RC 102055); 142.200 euros para atender o gasto do seguro de SEGURO DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL con cargo á aplicación 92090.16205 (RC 102054); 33.050,00 euros para atender o gasto do seguro de SEGURO DOS VEHÍCULOS E MAQUINARIA DO CONCELLO DE LUGO con cargo á aplicación 92002.22400 (RC 102926) respectivamente do vixente Orzamento Xeral para 2018.

TERCEIRO.- Notificar a presente resolución ás empresas adxudicatarias e solicitar a súa conformidade, así como ás dependencias municipais afectadas.

Contra a devandita resolución caberá a interposición dos seguintes recursos:

- Recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo (artigo 8 da Lei 29/1998, do 13 de xullo), nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte ó da notificación do presente acto.



Concello de Lugo

ACTAS E GOBERNO

MGF/cvr

Refº: 17x520100765

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 7-12-2017

- Non obstante o anterior e con carácter previo, poderá interpoñer recurso potestativo de reposición previsto no artigo 116 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ante a Xunta de Goberno Local e no prazo de UN MES, contado dende o día seguinte ó da notificación do presente acto.

E para que así conste no expediente, coa expresa advertencia prevista no artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais de que a acta da sesión na que foi adoptado o acordo transcrito aínda non foi aprobada, e a reserva dos termos que resulten da aprobación desta, expídese esta certificación de orde da Excma. Sra. Alcadesa, dona Lara Méndez López, coa súa sinatura e a do Secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez.



MURALLA
patrimonio da humanidade

CSV: FstNoyY0Ye6wH/VVAL/a6g==

SINATURAS

MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ - CONCELLEIRO
SECRETARIO - XUNTA DE GOBERNO LOCAL
MÉNDEZ LÓPEZ LARA - ALCALDESA - CONCELLO DE LUGO

PAXINA: 7 / 7

DATAS(UTC)

14/12/2017.11:03:51

14/12/2017 11:03:52

